

Hessen, 25 de xullo de 1918

Querido Markus:

Non sabes como me alegro de lerte. É moi difícil pasar días sen saber de ti. Non paro de soñar que me chega unha carta informando sobre a túa morte. Isto é demasiado duro; para ti, para min, para teus pais... Para todos. Espero que teu compañeiro se recupere totalmente. Onte inviteino a cear con nós, xa que se molestou en traer a carta. Contoume cousas terribles sobre o que estabades a vivir. Espero que todo acabe saíndo ben, e que Deus nos axude, xa que o estás facendo polo ben do país.

A situación aquí... Ben, podería ser peor. Estou moi esgotada por ter que moverme constantemente do tear ás caldeiras (boto de menos verte por alí!), pero o xefe está contento de ver o que subiron as vendas dende que só fabricamos uniformes militares. A min non me entusiasma moito xa que, cantos máis uniformes se demanden, quere dicir que máis acaban destrozados... Xa me entendes.

Aparte das miñas doubles tarefas, as condicións de traballo son casi iguais que antes. O capataz dos teares segue sendo un porco baboso, e máis se non estás ti por aquí para botarlle unhas malas miradas. O que si que noto moito é un cambio no meu interior: ao facer o que só faciades os rapaces, síntome máis forte. Por que as mulleres non podemos traballar no mesmo ca vós? E, se tan desesperados están os xefes que nos teñen que usar para facer tarefas "masculinas", por que non temos dereito a gañar os mesmos cartos? Ao mellor pensas que estas reflexións son parvadas, porque o mundo das mulleres e o dos homes foi diferente dende sempre, pero hai cousas que poden cambiar, non?

Estou desexando verte e abrazarte. Isto de non verte en anos estame volvendo cada vez máis tola. Rezo para que chegue o día en que por fin sexamos marido e muller, e formemos a nosa propia familia, coma nosos pais. Córdate moito, aproveita todo o que che den de comer, e pensa en min coma eu penso en ti.

Con amor,

Annika.